

# Cooperar

unha opción con futuro



[www.cooperamais.org](http://www.cooperamais.org)

18 de decembro de 2012.  
Salón I do Edificio CINC  
(Centro de Innovación Cultural)  
Cidade da Cultura.  
Xornada gratuíta - Aforo limitado.



Unión Europea  
FEDER  
Investimos no seu futuro



XUNTA  
DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA

## “COOPERAR, UNHA OPCIÓN CON FUTURO”

Nesta Xornada, organizada pola **Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar**, abordaranse distintas temáticas relacionadas co cooperativismo como opción con futuro para o desenvolvemento económico e social e para a creación de emprego. Realizarase a presentación oficial da recentemente creada **Rede Eusumo** para o fomento do cooperativismo e a economía social, explicando as vantaxes e beneficios que vai significar a súa creación.

As entidades públicas e privadas que desexen colaborar nesta Rede, contarán cun apoio de primeiro orde para cumprir os seus obxectivos. Os axentes dinamizadores atoparan nela as ferramentas e os estímulo precisos para desenvolver a súa importante labor de asesoramento aos emprendedores. E, por suposto, as cooperativas e demais empresas de economía social, así como os emprendedores en xeral, destinatarios últimos desta iniciativa, contarán cun importante apoio para o desenvolvemento dos seus proxectos.

Entre os temas analizados, a xornada prestará unha especial atención aos procesos de comercialización e internacionalización e a incorporación das tecnoloxías da información e as comunicacións, en particular o comercio electrónico e a presenza en Internet a través dos catálogos de produtos e servizos.

No marco desta xornada poderemos coñecer a exposición itinerante sobre cooperativismo, que se presentará ese mesmo día e tamén haberá ocasión de participar nunha visita guiada á **Cidade da Cultura**.

Agradeceríamos que as persoas interesadas en participar na **Xornada**, cuido aforo é limitado, cumprimentasen o formulario publicado na páxina web [www.cooperamais.org](http://www.cooperamais.org) ou se inscriban a través do teléfono 981 957 749 ou no enderezo electrónico:

[xornada1812@eusumo.coop](mailto:xornada1812@eusumo.coop)

## Programa da Xornada:

**9:30 h. Recepción de asistentes e visita guiada a Cidade da Cultura de Galicia.**

**10:30 h. Apertura Oficial do Encontro e Benvida.**

A importancia da xeración de redes de cooperación no emprego. A Rede Eusumo.

**Beatriz Mato Otero**, Conselleira de Traballo e Benestar.

**10:45 h. A dinamización do emprego e o impulso á internacionalización, no marco da Rede Eusumo e do proxecto Coopera+.**

**Xoan Miguel Concheiro Abal**, subdirector xeral de Cooperativas e Economía Social.

**11:15 h. Oportunidades cooperativas fronte á crise.**

**Manuel Pérez Losada**, xefe de servizo de Cooperativas e Economía Social.

**11:45 h. Pausa – café e visita a exposición itinerante sobre cooperativismo.**

**12:15 h. Mesa técnica sobre internacionalización e comercialización:**

- O proxecto Coopera+ como apoio á comercialización e á internacionalización. Estratexias conxuntas de promoción comercial e experiencias de éxito.

**Marta Núñez Martínez-Corbalán**. Técnica de AGACA.

- Internacionalización da pequena empresa.

**José Manuel García Orois**, xerente da Cámara de Comercio de Vigo.

- Experiencias de internacionalización en cooperativas de Traballo Asociado. Representante de UGACOTA.

**13:15 h. Mesa técnica. Ferramentas para a comercialización e internacionalización (e-commerce, RRSS e catálogos electrónicos):**

- Aplicacións TIC para o fomento do e-commerce no proxecto COOPERA+: web intercooperar e catálogos electrónicos de produtos.

**Ruth Rodríguez Ferreiros**. Técnica AGACA.

- Un bo momento para novos proxectos de e-commerce.

**Pablo López**, de Hacce Soluciones TIC S.L.

**14:00 h. Coloquio e clausura da Xornada.**